



**PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN RESTRINXIDO MEDIANTE O PROCEDEMENTO DE PROMOCIÓN INTERNA, DE 6 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, DA OFERTA DE EMPREGO 2010.**

1º EXERCICIO (31.01.2013)

1) Segundo o artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Pleno constitúese validamente coa asistencia de:

- a) Un terzo do número legal de membros do mesmo, que nunca poderá ser inferior a tres.
- b) A metade do número legal de membros do mesmo, que nunca poderá ser inferior a tres.
- c) Un terzo do número legal de membros do mesmo, que nunca poderá ser inferior a cinco.
- d) Maioría absoluta do número legal de membros do mesmo, que nunca poderá ser inferior a tres.

2) De conformidade co artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais para que se poidan adoptar acordos sobre un asunto non incluído na orde do día dunha sesión ordinaria do Pleno requírese:

- a) Previa declaración de urxencia feita polo órgano correspondente.
- b) Que fora, polo menos, ditaminado pola correspondente comisión informativa.
- c) Que así o ordene o Presidente.
- d) Que o presente polo menos un grupo político da corporación.

3) As solicitudes, escritos e comunicacións que os cidadáns dirixan aos órganos das Administracións públicas poderán presentarse, segundo o establecido no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común:

- a) Nos rexistros dos órganos administrativos a que se dirixan.
- b) Nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza aos concellos de municipios a que se refira o artigo 121 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- c) Nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza a calquera administración das Deputacións provinciais.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

4) De conformidade co artigo 60 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común os actos administrativos serán obxecto de publicación cando:

- a) Cando así o establezan as normas reguladoras de cada procedemento ou cando o aconsellen razóns de interese particular apreciadas polo órgano competente.
- b) Cando así o establezan as normas reguladoras de cada procedemento ou cando o aconsellen razóns de interese público apreciadas polo órgano competente.
- c) Cando así o establezan as normas reguladoras de cada procedemento ou cando o aconsellen razóns de interese público apreciadas polo interesado.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

5) Segundo o artigo 77 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común, as cuestións incidentais que se susciten no procedemento administrativo suspenderán a súa tramitación:

- a) Sempre.
- b) Nunca.
- c) Só se se refiren á nulidade das actuacións.
- d) Unicamente se se trata da recusación.

6) De conformidade co artigo 69 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común, con anterioridade ao acordo de iniciación poderá o órgano competente:

- a) Abrir un período de información pública.
- b) Abrir un período de información particular.
- c) Abrir un período de información previa.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.



7) Segundo o artigo 118 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común, o prazo para interpoñer o recurso extraordinario de revisión, cando a resolución impugnada se ditara como consecuencia de prevaricación, será de:

- a) Catro anos.
- b) Tres meses.
- c) Dous meses.
- d) Cinco anos.

8) Segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso administrativa o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo nos litixios entre administracións, salvo que por lei se estableza outra cousa, é :

- a) Dous meses.
- b) Un mes.
- c) Seis meses.
- d) Tres meses.

9) Segundo a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común, o prazo do que dispón as administracións públicas para rectificar de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos é de:

- a) Un mes.
- b) En calquera momento.
- c) 15 días.
- d) Dous meses.

10) Poden impugnar os actos e acordos das entidades locais que incorran en infracción do ordenamento xurídico:

- a) A Administración do Estado.
- b) A Administración das Comunidades Autónomas.
- c) Os membros das Corporacións que votaran en contra de tales actos e acordos
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

11) Segundo o texto refundido da lei de facendas locais, Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, unicamente poderán formularse reclamacións contra o orzamento da entidade local por:

- a) Non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos por esta lei.
- b) Omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Ser manifestamente suficientes os ingresos con relación aos gastos presupostados ou ben de estes respecto ás necesidades para as que estean previstos.
- d) Son correctas as respostas a e b

12) Cal non é unha fase da xestión do presuposto de gastos?:

- a) Ordenación de pago.
- b) Formación do pago.
- c) Disposición ou compromiso de gasto.
- d) Autorización de gasto.

13) De conformidade coa Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común, salvo disposición expresa en contrario, os informes serán:

- a) Preceptivos e non vinculantes.
- b) Preceptivos e vinculantes.
- c) Facultativos e non vinculantes.
- d) Facultativos e vinculantes

14) Segundo o artigo 191 do texto refundido da lei de facendas locais, Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a aprobación da liquidación do orzamento corresponde a:

- a) O pleno por maioría simple, previo informe do Secretario.
- b) O pleno por maioría simple, previo informe da intervención.
- c) O pleno por maioría simple, previo informe da comisión de facenda.
- d) O presidente da entidade local, previo informe da intervención.



15) O texto refundido da lei de facendas locais, Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que no imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, o prazo para presentar a declaración, a contar desde a data no que se produza o devengo do imposto, é:

- a) Se o acto é inter vivos, 30 días hábiles.
- b) Se o acto é por causa de morte, 30 días hábiles.
- c) Se o acto é inter vivos, 1 mes.
- d) Se o acto é por causa de morte, 1 mes.

16) Segundo o Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, poden ser obxecto de prórroga os contratos menores?:

- a) Non, en ningún caso.
- b) Sí, por un prazo non superior a metade do prazo inicial.
- c) Non, salvo que se trate dun contrato menor de obras.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

17) Segundo o artigo 223 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, non é causa de resolución dun contrato:

- a) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.
- b) O mutuo acordo entre o cedente e o cesionario.
- c) A morte do contratista.
- d) A declaración de concurso.

18) De conformidade coa Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, dentro de que prazo o Alcalde ou Alcaldesa incoará expediente de reposición da legalidade dunha obra terminada sen licenza:

- a) 1 ano.
- b) 3 anos.
- c) 5 anos.
- d) 6 anos.

19) De conformidade co artigo 195.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, as peticións de licenza resolveranse no prazo de:

- a) 6 meses.
- b) 3 meses.
- c) 2 meses.
- d) 15 días.

20) Segundo o artigo 222.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a autoridade competente para a imposición de sancións por infraccións moi graves, a partir de 600.000€, é:

- a) Conselleiro competente en materia de urbanismo.
- b) O director xeral competente en materia de urbanismo.
- c) O Alcalde.
- d) O Consello da Xunta de Galicia.

21) O texto refundido da lei de facendas locais, Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que non están suxeitos o imposto sobre vehículos de tracción mecánica:

- a) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cuxa carga útil non sexa superior a 750 Kg.
- b) Os vehículos oficiais do Estado.
- c) As ambulancias.
- d) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida.

22) Segundo o artigo 102 do texto refundido da lei de facendas locais, Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o tipo de gravame do imposto sobre construcións, instalacións e obras, non pode exceder do:

- a) 3 por cento.
- b) 4 por cento.
- c) 2 por cento.
- d) 5 por cento.



23) Segundo o Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais, os bens comunais só poderán pertencer a:

- a) Municipios.
- b) Provincias.
- c) Entidades locais menores.
- d) Son correctas as respostas a e c.

24) Segundo o artigo 33 do Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais, a rectificación do inventario verificarase:

- a) Anualmente.
- b) Cada dous meses.
- c) Cada seis meses.
- d) Cada dous anos.

25) De conformidade coa Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común, quen poderá actuar por medio de representante nun procedemento administrativo?:

- a) Os interesados.
- b) Os interesados con capacidade de obrar.
- c) Non se pode actuar por medio de representante.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

26) Segundo a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso potestativo de reposición, será de:

- a) Tres meses.
- b) 30 días.
- c) Un mes.
- d) 15 días

27) De conformidade coa Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común, concluído o trámite de rexistro os escritos e comunicacións serán cursados aos seus destinatarios no prazo de:

- a) 10 días.
- b) 5 días.
- c) Ao día seguinte.
- d) Sen dilación

28) Segundo o artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o prazo de información pública e audiencia aos interesados no procedemento de aprobación das ordenanzas locais é de:

- a) 15 días.
- b) Mínimo 20 días.
- c) Mínimo 30 días.
- d) Máximo 30 días.

29) De conformidade co Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, o obxecto dos contratos:

- a) Poderá ser determinado.
- b) Deberá ser determinado.
- c) Poderá se determinado ou indeterminado.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

30) De conformidade co Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, no procedemento de contratación administrativa, os expedientes de contratación poderán ser en canto a súa tramitación:

- a) Ordinarios ou urxentes.
- b) Ordinarios, preferentes ou urxentes.
- c) Ordinarios, urxentes e de emerxencia.
- d) Ordinarios e de emerxencia.